

Europa na encrucillada

Daniel Varela Suanzes-Carpegna

Introdución

A recente conmemoración do cincuenta aniversario do asinamento do Tratado de Roma, o cal creou a Comunidade Económica Europea (CEE), permitiu recordar ao longo e ancho de Europa o éxito que supuxo para o continente o proceso de integración que se consolidou en Roma pero que iniciouse en París en 1951, coa constitución da Comunidade Económica do Carbón e do Aceiro (CECA).

Esta conmemoración serviu tamén para recordar aos europeos e facer saber, talvez, aos máis mozos que non hai moito os europeos enfrontábanse belicamente no que hoxe chamaríamos unha guerra civil e que, como consecuencia, Europa quedaría destruída, arruinada e necesitada da axuda externa dos Estados Unidos e da determinación duns visionarios europeos que actualmente coñecemos como os “Pais Fundadores”.

O carbón e o aceiro, que contribuían a producir os armamentos de destrución fratricida, serían poston baixo unha “autoridade común” á que iríanse engadindo outras producións e outras políticas que fosen creando “solidariedades de feito” e que impedisen que as rivalidades europeas e, en particular, as franco-alemás puidesen dar lugar a novas confrontacións bélicas.

Visionarios como **Jean Monnet**, **Robert Schumman**, **De Gasperi**, **Adenauer**, **Spinelli**... non podían soñar entón co que, pouco máis de medio século despois, alcanzamos a ter hoxe, unha Unión Europea que constitúe a primeira potencia económica e comercial do planeta, que de seis estados fundadores integra actualmente a 27, que a lista de solicitudes segue aberta, que dispoñemos dunha moeda común, que elaboramos o texto do que podería ser unha constitución común europea, que estamos dando pasos cara unha maior integración política e que conseguimos non só que caíse o ominoso Muro de Berlín que nos dividía senón que logramos integrar nunha soa Europa ao “Occidente secuestrado”, termo adoptado polo novelista checo **Milan Kundera**, no gran éxito histórico que o eurodeputado e historiador polaco **Bronislaw Geremek** definiu como “coser as dúas Europas”.

A forza dos acontecementos levounos ao que **Robert Schumman** pediu hai 50 anos: “pensar como europeos”. Hoxe, tan só medio século despois, Europa goza do período de paz máis longo da súa historia e logrou cotas de progreso e benestar económico e social impensables hai cinco décadas.

Hoxe, non obstante, Europa sofre unha crise sen precedentes que a levou a unha parálise descoñecida ata agora, situándonos nun verdadeiro *impasse* político, cunhas causas e posibles saídas que é preciso analizar.

As causas da crise

Ante o panorama anteriormente descrito son moitos os que se preguntan que pasa?, que está ocorrendo en Europa?, como é posible que nun escenario de éxitos sucesivos, os cidadáns de dous estados membros, fundadores ademais da actual UE, digan alto! e pregúntense “Quo vadis, Europa?”, paralizano o proxecto político máis ambicioso creado ata o momento: a ratificación dun texto común para unha Constitución europea?

Hai que comezar sinalando que a creación e consolidación do que hoxe coñecemos como Unión Europea non foi un camiño de rosas. Antes ao contrario, foi sempre un proceso dinámico, en permanente construción –que agora continúa– sometido ás máis diversas crises das que, tras cada unha delas, foise subindo un chanzo, foise engadindo un elo ata chegar ao que hoxe coñecemos como UE.

Desde a súa creación, os Tratados fundacionais fóronse modificando e adaptando ao que valía para seis membros, logo fíxose posible para nove membros, dez, quince, vinte e cinco e chegou ao momento no que atopámonos, no que a traxe non admite xa máis arranxos, e precísase dun novo feito á medida de 27, 30 ou máis.

Cantos máis? Velaí un dobre problema que configuran dúas das causas da actual crise na UE: **necesidade dun novo marco institucional**, dunhas regras de funcionamento distintas, que impidan a parálise derivada de preceptos como o da unanimidade para a adopción das decisións que con 27 Estados membros fan practicamente imposible o seu funcionamento e, ao mesmo tempo, as preguntas dos cidadáns: **ata onde chega a UE?, ata onde os seus límites xeográficos?, cantos socios teñen ou terán cabida no clube?**

O reto da “gran ampliación” para integrar de golpe en Europa a dez novos estados con estruturas políticas, administrativas e económicas moi distintas das dos estados xa integrantes da UE, foi moi grande e talvez se acometeu demasiado rápido. Primaron as razóns políticas e xeoestratéxicas, así como obrigaron a un cambio moi significativo, a unha configuración europea moi distinta e a un cambio substancial nas políticas de solidariedade europeas debido ás enormes diferenzas de renda dos dez novos estados fronte aos demais estados membros.

A súa vez, en Bruxelas comezouse a falar doutras ampliacións, cara a Turquía, Croacia, Ucraína... que pasarían a formar parte do espazo común de liberdade da UE que se debate internamente tamén en torno a un problema sen resolver que é o da inmigración e a súa integración no noso sistema político, social e cultural.

Cando os cidadáns de dous estados membros fundadores como Francia e Holanda tiveron a oportunidade de se pronunciar co seu voto no referendo sobre o proceso constitucional europeo, votaron en contra da proposta constitucional, sumindo a Bruxelas nunha profunda crise, nunha reflexión aínda non acabada e nun proceso de “hibernación” política das reformas necesarias para a posta en marcha do proxecto constitucional.

Europa atópase nunha auténtica encrucillada. Un proxecto político asinado polos 27 representantes dos estados membros foi rexeitado polos cidadáns de dous estados fundadores, á súa vez ratificado positivamente por outros 18 (cun total de 275 millóns de cidadáns) e pendente de ratificación por outros sete.

Un proxecto, en definitiva, paralizado. Unhas ampliacións en curso, tamén en *stand by*. Crises internas graves procedentes dos novos estados membros como Polonia e a República Checa, que formulan novos retos, como as relacións exteriores con Rusia. Eleccións legislativas pendentes en Francia cando isto escribimos. Relevo próximo moi significativo para a visión de Europa no Reino Unido e, mentres tanto, a galopante globalización que fai que mentres Europa reflexiona sobre si mesma e o seu destino, o mundo non se para nin un instante ante os retos mundiais que proceden de China, India, Oriente Medio, Irán, Iraq, África, Iberoamérica... e unha axenda en que se inscriben asuntos do calado do cambio climático, a dependencia enerxética, o terrorismo internacional, a fame, a inmigración, o desenvolvemento, o comercio mundial, a Rolda de Doha...

Ante esta situación, Europa necesita dun xeito urxente que alguén tome as rendas e formule propostas para saír da crise.

As saídas á crise

Como sinalou o analista británico **Timothy Garton Ash**, “se os grandes logros europeos, nos últimos 50 anos, producíronse dentro da propia Europa, os retos dos próximos 50 serán, sobre todo, externos”.

Isto mesmo é o que o Premio Nobel de Economía **Joseph Stiglitz** denomina “a misión global da UE”. Europa deu un exemplo ao mundo, ao prestar máis axuda aos países en vías de desenvolvemento que calquera outro país, e destinando unha porcentaxe máis alta de PIB que Estados Unidos.

“Europa, –asegura Stiglitz– con maior número de habitantes que calquera país salvo China e India, e co maior PIB do mundo, debe converterse nun dos piares centrais dese mundo proxectando o que deuse en chamar o “poder brando”, que é o poder e a influencia das ideas e do exemplo. Sen dúbida, o éxito de Europa débese en parte á promoción dun conxunto de valores que, aínda que esencialmente europeos, asemade, son a un tempo universais”.

Efectivamente, “os valores europeos” son o noso gran activo no mundo. A democracia, a tolerancia, a liberdade, a solidariedade, o respecto ao outro, os dereitos humanos, o estado de dereito, en definitiva, son a base do éxito do proxecto europeo, dos que tan necesitado está, desgraciadamente, o planeta, e Europa pode falar polo seu pasado e o seu presente con credibilidade no mundo.

Pero, obviamente, os retos que debemos afrontar agora xuntos son xa de natureza distinta. Estamos nunha nova etapa, *ulterior* do noso proxecto. Non se trata xa de mercado e moeda. Os problemas a afrontar refírense ao chamado “núcleo duro

da soberanía”, ou sexa á política exterior e de seguridade común, á defensa, á creación dunha diplomacia común europea, á dunha voz única de Europa no mundo, e á definición dunha auténtica cidadanía europea.

Con isto estamos aludindo de novo a cuestións para as que, en principio, había xa un acordo para afrontalas: **o texto do Tratado polo que se crea unha Constitución para Europa**.

Unha nova cidadanía, a consolidación do noso modelo social, unha Carta de dereitos e deberes dos cidadáns, unha política exterior e de seguridade común, un ministro europeo de Asuntos Exteriores e unhas novas regras de funcionamento interno que substitúan a unanimidade pola maioría cualificada, evitando así vetos que potencien a paralización, a existencia dunha Presidencia da UE que supere os ridículos (por custosos e ineficaces) semestres rotativos que existen na actualidade, a consolidación definitiva do Parlamento Europeo e a imbricación plena dos Parlamentos nacionais nas políticas europeas.

Dicíamos que había, en principio, un acordo para isto. Agora o rexeitamento en dous estados membros puxo de novo a casa patas arriba –novamente Europa vai ter que se empregar a fondo nos próximos meses e anos–. De novo Europa, estamos seguros, vai sorprender a propios e estraños.

Contamos co importante “impulso alemán”. A chanceler Ánxela Merkel cunha orixe, experiencia persoal e tesón que a capacitan para isto, lanzou a **Declaración de Berlín** e prepara o **cumio do Consello de xuño** do que terán que saír os pasos decisivos que conduzan á superación do *impasse* europeo.

O Parlamento Europeo, co seu crecente e innegable peso político democrático, representando á cidadanía europea, será tamén significativo. O preside tamén un alemán, Hans-Gert Pötering, correlixionario de Merkel e europeísta convencido, con máis de 27 anos de experiencia parlamentaria europea ás súas costas, loitando pola Unión, tras a súa dramática experiencia persoal de non coñecer ao seu pai desaparecido durante a “guerra civil” europea, convertida logo en II Guerra Mundial.

Superadas as eleccións de abril en Francia e despexado o horizonte político en Gran Bretaña, non temos dúbidas de que a UE saberá estar á altura que reclaman as difíciles circunstancias actuais. Non será o texto do actual proxecto de Tratado, talvez non se denominará tampouco Constitución europea, pero é de esperar que para as eleccións europeas de xuño de 2009, os líderes europeos, **pensando nos seus cidadáns** –a lección quedaría aprendida esta vez– serán capaces de ofrecer un novo texto fundacional, un Tratado marco, que permita a nivel interno, actualizar a toma de decisións, a participación plena da cidadanía, a adopción de novas políticas comúns que permitan afrontar os novos retos ambientais, enerxéticos, de estrutura da poboación, sociais e económicos que reclama a Europa de hoxe e dotarse no plano exterior, desa voz única que esixe a “visión global” da UE para construír así unha Unión máis democrática, máis transparente e máis eficaz que “cale plenamente na conciencia dos seus cida-

dáns” como quería **Salvador de Madariaga**, afondando na dimensión cultural do proxecto e na imprescindible implicación da mocidade, para poder así seguir afrontando xuntos os novos retos do século XXI.

Daniel Varela Suanzes-Carpegna é deputado polo Partido Popular no Parlamento Europeo.